

1

–Boas noites. Estamos na Zona Cero...

Eras ti, desde Muxía, en conexión en directo para o telexornal do serán. Sabías que na dirección ía ser ben recibido o uso daquela fórmula, non en van fora patentada pola prensa neiorquina para referirse ó terreo onde se erguían as Torres Xemelgas antes dos acontecementos do Once de Setembro de había un ano. Así que escolliches comezar con esa chiscadela, «Estamos na zona cero», precisamente para facer máis levadía a evidencia con que ías completar a frase: «... da marea negra.» E xa quedara dito, estamos na zona cero da marea negra, e de sobra o sabías: non ía gustar nadiña arriba.

Encargáranse de dicírvolo os redactores xefe desde o primeiro día: «Nada de marea negra, ¿eh?, hai que falar dun vertido que ocasionou manchas.» Agora, ademais, recordábacho o director de informativos, este Rodrigo Caneiro que te fixo comparecer no seu despacho non para que volvas reparar na muller e nos fillos, exhibidos en retratos con marcos de prata sobre a mesa de escritorio. Non, Pepiño, non se trata diso. Trátase, máis ben, de apertarlle as caravillas a un home

que vai por libre; a alguén que di non; a ti, por máis sinais. E este elemento teima en ver o vídeo da túa actuación estelar desde Muxía.

Ti absteríaste, é comprensible: «¡Se acabo de estar alí, e lémbroo todo perfectamente!» Pero el é obstinado: «Insisto.» El non preme o stop, malvado del, e a presentadora, unha das tinguidas de louro especialidade da casa, dáche paso anunciando que tes contigo o alcalde.

Has desmentila: «Non, o alcalde non podía estar conosco. Temos, no seu lugar, un biólogo e mais un capitán...»

O biólogo, á túa esquerda, amosa un arao cunha camisa de forza negra. A primeira pregunta é polos pasos que ha dar a xente ben intencionada cando atope aves petroleadas, e xa ves o xefe Caneiro regañando o dentame. Nada máis un chisco, nada en comparanza co aceno que se lle debuxa perante o camiño por onde esvaras deseguido.

—Tamén imos oír un vello lobo de mar, don Cosme París. É de Muros e exerceu de capitán da mariña civil durante tres décadas, máis da metade en buques de transporte de crus. ¿Que cre vostede que se debeu facer co *Prestige*?

—Dadas as correntes reinantes no mar nesta época do ano, levalo a porto, e descargalo axiña.

—¿Que porto lle parece o máis indicado?

—O da Coruña.

—Pero asegúrase que non tiña calado abondo...

—Casualmente, onte estiven falando co práctico, que é amigo. Díxome que se comprometera a atracalo sen problemas no peirao de petroleiros.

De fondo, oíase xa o balbordo que acompaña as conexións da vosa canle nos últimos días: «Televisión, manipulación... Televisión, manipulación...»

A aquela altura, a imaxe volveu a San Marcos, de súpeto. Para ti está claro: o señor director de informativos debeu irromper no control feito unha furia, con esa sospeitosa enerxía que lle entra a golpe de breves escapadas ó baño. Ese energúmeno non tivo problema en cortar polo san: «¡Vai a plató!»

Diríao tan alorizado que o realizador obedecería sen dar un chío. E agora, dúas horas e media despois, aínda lle dura o enfado cando algarea a ameaza:

—¡Vaiche custar caro!

Tras a deriva de tantos anos de réxime fraguista, era rarísimo ver na escaleta alguén coma ti cunha tarefa daquel tipo. O servizo de propaganda prefere asignar esas informacións ós licenciados de pouco, contratados por medio dalgunha das ETT nas que os directivos da empresa, tan apañados, teñen intereses por persoa interposta. Ou, se non, ós veteranos de fidelidade robustecida con pluses. Pero era domingo, a novata encargada de ir a Muxía seica perdera a voz e o único elemento da fontanería das fragancias que Caneiro puidera localizar aduciu unha boa escusa.

Converteuse na tónica habitual. Os fontaneiros, sempre dispostos a disputar a cobertura de calquera viaxe de Presidente Fraga Iribarne a América, gratificada coas correspondentes axudas de custo, escapúlense como poden de facer directos polos que adoito comparece o espontaneísmo dos rebeldes, cidadáns que así recollen e pasan o testemuño do Nunca Máis; esa loita sen caudillos, nin subvencións, nin máis programa có de ser o peito en man común dun pobo a clamar.

Non lles gusta ós fontaneiros que lles saquen as cores dese xeito, e aquilo acaba sendo un traballo de novatos con

contratos lixo, obrigados ó labor case heroico de poñeren a cara polo medo a quedar na rúa. Pero aquela rapaza enfermara, o trobeiro de urxencia declinou, e es ti o elixido. Logo, terás a ocorrencia de coarlles aqueles dous entrevistados incómodos no canto dun edil do partido no poder, e agora repite Caneiro:

—¡Vaiche custar caro!

—Profesionalmente —respondes— non podo estar peor.

El retruca daquela cunha frase ben enigmática: «Non só profesionalmente.»

A que será efectiva, desde xa, é unha suspensión cautelar de emprego e soldo, por trinta días hábiles. Ti deféndeste: «Recorrerei en maxistratura, e seguro que gaño...» Pero tes un apercibimento anterior, por algo parecido ó de hoxe, e o único certo é que, por de pronto, a sanción terá efectos inmediatos.

—Se non queres máis nada... —dislle, despedíndote. Despois, a necesidade de remoer todo aquilo antes de aparecesres pola casa, condúctete á descompresión dunha parada no Azul.

É durante a primeira copa cando soa o móbil. É Elba, que non anda con dirindainas, non che é o seu estilo. Elba traballa de produtora na revista das tardes. Os compañeiros chámalle Ciclón de Quiroga, e a súa beleza fera, e tamén a súa fereza bela, está a ser o teu único alimento para o entusiasmo nos últimos meses. Elba fala dunha chamada que lle abriu os ollos, e mais de que vai intentalo con Roberto. Dáse a circunstancia de que o tal Roberto é un noivo anterior á vosa historia, e ti presumes que sería el quen a chamou; cousa tamén aboada polo reproche que a cabrona dela non se abstivo de engadir: «¡Por que terías tantas dúbidas!»

Ti unicamente alcanzas a balbucir: «Está ben.» E ese está ben, ó que Elba non opón xa máis nada có acto de colgarche, vai representar a necesidade de dúas copas adicionais. Así se explica que o alcol manteña a túa vista aínda envurullada nunha brétema acolledora cando xa pouco despois entres pola porta da casa. A chave abre só ó segundo ou ó terceiro intento, pero o molote, en cambio, valo descubrir á primeira. Son dúas maletas feitas, cunha nota manuscrita que sentas a ler.

«Así que ti e Elba sodes máis ca compañeiros, e tamén máis ca amigos. Acabo de falar con ela e non tivo valor para negarmo. Cando chegues, estarei na casa de miña nai. E cando volva non quero verte por aquí.»

De modo que estabas sen traballo e sen esposa, as dúas cousas grazas a Caneiro, que probablemente chamara a Xela para contarlle aquela aventura túa mentres te entretiñas no café. Logo, deduces, sería Xela quen chamou a Elba. E á fin, mentres ti te consolabas polo abandono da túa amante, a boa de Xela tomou a molestia de facerche a equipaxe. Que mágoa, has pensar, que todo se precipite precisamente cando xa non podes crer que nin sequera pague a pena reconstruír o teu con Elba. O mellor é aproveitar agora, coa túa vida a facer auga por todas as partes, para andares por aí. De indefinida peregrinación, rumbo a ningures, coma o casco do *Prestige* en mans dos incompetentes. Ata ir a pique ou, se tes máis sorte, ata acabar aportando na serenidade.

Foi así, á forza aforcan, como te convenciches, ¿lémbralo?, da conveniencia de iniciar a singradura. ¿A onde dirías que te trouxo? ¿Ó fondo do pozo?, ¿á calma? Pasaron xa media ducia de semanas e ti estiras á mantenta a visita ó

inhóspito cemiterio de Camelle, para ver se chegas por fin a unha conclusión despois de repasalo todo unha vez máis, a definitiva.

Arrancas no principio, aquel mércores de novembro en que se fai público o *Mayday* dun petroleiro chamado *Prestige*. Navega a unhas 28 millas de Cabo Fisterra e leva un furado nas chapas de estribor. Transporta unha carga de fuel que ameaza con botar a perder a fachada atlántica do país. Non tarda moito en ir á garra, e tampouco en ser remolcado; pero tamén, paradoxalmente, á garra.

A carraxe, xa que logo, non deixa de ir en aumento conforme se suceden as xornadas. A carraxe acaba por estourar cando o buque, convertido nunha bomba, espalla a desolación diante dos fociños de todos os galegos. E sodes os ribeiráns os que máis rabia sentides; coa biografía amputada por ese esterco ceibado contra as ribeiras; cunha dor fantasma pairando pola alma a partir do instante en que por vez primeira vedes a costa toda enfundada en loito.

Ó principio, a indignación dirixíase unicamente contra o barco; de moitos pais, coma os fillos de puta. Ó principio a culpa parecía residir só na trama de paternidades do *Prestige*: construído no Xapón, había vinte e seis anos; pertencente a unha navieira domiciliada en Liberia; navegando baixo bandeira das Bahamas; dirixido por un armador grego; e arrendado por unha compañía rusa con base en Suíza e Londres. Iso, a opacidade do barco detrás daquela trama, é o máis rechamante ata a aparición estelar do señor Delegado. Cun pelo sometido con crema de olor e o reloxo parado en cando fixo a primeira comunión (de almirante, por suposto), o bo do home estréase precavidamente, o día seguinte ó accidente. Unha voz de bilurico:

–Imos levar o barco ata as cen, as cento vinte millas da nosa costa. Iso mitigará o impacto do fuel que poida perder.

Custa máis crerlle o que di un día despois: «Se tronza, remolcaremos de forma independente a popa e mais a proa.» Pero non é ata pasado outro día cando todo soa xa a unha burla tremenda. Será en boca dun señorito andaluz. Ostenta a carteira de Agricultura e Pesca no Goberno de Madrid e ten a desvergonza de afirmar que a rápida intervención das autoridades españolas, afastando o buque, nos salvou dunha catástrofe ecolóxica. Vai dicilo xusto cando a primeira marea negra entra nos cento noventa quilómetros de litoral que van de Fisterra a Mera.

A culpa é do chapapote, castrón del, que ten o costume de flotar. Tamén dos mareáns, que seica non leron nunca o Código Marítimo, e insisten en arrastralo máis acó das sucesivas zonas de xurisdición. Por riba, o Estado segue sen ser quen de oporlle unha soa barreira anticontaminante, e a desfeita esténdese decontado entre Monte Louro e Valdoviño, en disposición de chegar ademais ata Portugal, polo sur, e Asturias, polo norte. A mariñeiría, ¡a ver!, sente xa orfandade e o que sae á palestra é o señor conselleiro do ramo, con ánimo de Papá Noel e pretensións tranquilizadoras: «Aquí, a Xunta vailles dar o turrón ás catro mil familias afectadas, e se logo pode vir o mazapán por parte do Goberno central e da Unión Europea, pois mellor.» O señor conselleiro do ramo debe saber que os informativos da mañá seguinte van abrir cun anuncio tramposo: a Xunta acaba de pórle unha cifra á subvención prometida tras o forzoso amarre da frota, trinta euros diarios para cada tripulante.

Conservas os teletipos de todo aquilo. Non son poucas as veces en que volves pasear os ollos por eles. Pero non pre-

cisas lelos para facer memoria nin do ir a máis da carraxe, nin do estoupido definitivo da ira, o martes 19 de novembro: ese día, en claro desacato ós gobernos de España e Galicia, e despois de 435 quilómetros de marcha errática, o navío ferido decide que xa non pode facer máis que deixarse afundir.

Sucedeu á altura das illas Cíes, e lembrás perfectamente que foi a uns 250 quilómetros en dirección oeste porque a ti, ese martes, che encomendaron para o informativo, no canto das noticias breves ás que tamén adoitan relegarte, un accidente de tráfico, con catro mortos, na Bañeza, provincia de León. Igualmente a outros 250 quilómetros das Cíes, dirección leste.

Tras o afundimento, Delegado xurou biluriqueiramente que, dadas as baixas temperaturas do leito mariño, o fuel da carga solidificaría alí; disque ata converterse «nunha especie de ladrillo, compactísimo». Foi a derradeira aparición de Delegado, antes de ser relevado por Ministro Portavoz. A este, coa encomenda ineludible de falar, dirías que non lle virían nada mal os servizos dun logopeda. O tal, con todo, facía coma quen; con sangue de peixe, e un mundo de florentino ó se referir ó grosor da mancha, que se permitiu medir en milímetros. Portavoz, en cambio, para as barreiras que comezaba a haber, prefería os metros ós quilómetros: oito mil metros aquí, tres mil metros alá, seis mil metros acolá.

Eles pasaran da estratexia da tranquilidade á do engano. O pobo, mentres, pasa da credulidade á desconfianza. Primeiro na Costa da Morte, pero axiña tamén no resto da nación. A magnitude do noxo non permite seguir sendo un país de galiñas. Non é que os ministriños esqueceran contar contos, que non. É, simplemente, que a opinión pública está farta de ministriños.

Eles sábeno. De aí a súa nula disposición a aparecer polos lugares da desgraza. Vese ás claras cando Ministro de Medio Ambiente baixa ó areal de Barrañán a tocar á fin o fuel; con mans enluvadas, iso si. Ese político, coleccionista de denuncias xudiciais, ten bo coidado de aparecer cando alí non hai xente que poida increpalo. Como Fraga Iribarne, a xornada en que considera chegada a hora de facer unha visita. O líder da oposición está ese mesmo día na Zona Cero, e el escolle tres lugares ben próximos, sen saír da letra C: Camariñas, Camelle, Caión. Nos tres preña os micros coa mesma grosería: «Mentres outros só veñen falar, eu veño con diñeiro na man.»

Non anda tan farruco dous días despois. A Cadea Ser informa de que, o mesmo sábado en que a Costa da Morte amencía tinguída de chapapote, el compartía cun par dos seus conselleiros unha xornada de cazata na Meseta. A súa primeira reacción é negalo: «Danme risa esas acusacións.» E aínda porfía: «Son trapalladas.» Ata que a deserción queda acreditada de sobra e el ten que acabar recoñecéndoa:

—Estiven na cacería e vin sen participar nela. Pero estiven falando co presidente da Cámara de Comercio de Madrid, o vigués Fernández Tapias, que é unha das persoas que máis entende de hidrocarburos. Logo vin para Galicia sen xantar. E punto.

Soa a aquela trola tan vella, «a puntiña nada máis». Óes-llo expoñer xusto antes de saídes a fume de carozo para a conexión desde Muxía. Aquilo é o que che acaba coa paciencia. Aquilo xustifica anunciarlles, á editora e mais á presentadora, que vas contar para o directo cun alcalde adicto; cando, en realidade, xa apalabraras a presenza dun biólogo e un mariño íntegros e, xa que logo, desafectos.

Que alegremente cavaches a túa cova, Pepiño, sabedor de que iso só podía conducir á vinganza de Caneiro. E velaí estás á mañá seguinte, en San Marcos, dedicado ó mamoneo. Para comezar, no vestíbulo, co home do tempo; que, como corresponde ó clima do país, anda sempre con cara de pésame. O home do tempo quere despachar o saúdo cun «¡aburiño!», pero ti non o deixas: «¿Mellorará o tempo, meu? É que vou andar por aí estes días.»

Despois de que aquel home dese as malas noticias correspondentes, por definición o seu traballo consistía niso, vén encerrarse no local do comité co delegado do teu sindicato, que non semella moi receptivo á túa demanda de apoio. A dicir verdade, tampouco é que ti poñas moito empeño en convencelo: o de seres privado do soldo non che fai graza ningunha, é certo, pero a separación de Xela pode resultar máis doada poñendo distancia entre vosoutros. Así que non insistes cando el sae con vaguidades. A el, probablemente, non lle dá a gana de esquecer que ti non es un amigo fácil: non paras moito na cantina da empresa; nunca invitas a cervexas, nin as aceptas; tampouco poden contar contigo nos partidos de futbito.

En realidade, xa era firme a determinación de botares uns días, se cadra unhas semanas, polas terras da aldraxe. Non deixaba de ser un bo paradoxo: na procura dunha catar-se interior (xa que logo, da claridade), ir para a cerna do chapapote (é dicir, á negrura máxima). Coma aqueles auguistas de outrora, depositando en balnearios de augas ferruxentas e podres a esperanza de zafaren do lixo dunha enfermidade máis ou menos cruel, máis ou menos confesable.

Soamente programaches despedirte dunha única persoa, e acordastes vervos pola tarde, á hora do café. A cita foi na Casa das Crechas e ó saír seguían as rúas molladas, pero

escampara no burgo levítico. Elba, entón, bicoute na fronte, coma unha nai. Ti, en cambio, bicáchela nos ollos, para que soubese que era un adeus para sempre.

2

Miras o Atlántico, aquí, e sentes un calafrió de veludo, porque o Atlántico devolve todas, absolutamente todas as miradas, tamén a túa. Logo, coa pel aínda ourizada, pechas un momento os ollos para escoitar mellor como se enterra o sol no océano, que reza oracións de avoa. Daquela es ti quen lle responde, pronunciando o ir e vir do abraio perante a súa inmensidade: «Que marabilla.» Estás en Punta Nariga, ó pé do faro esvelto e robusto e aínda mantés a boca aberta cando un refacho cicha un magma de pingas de marusía desde as illas Sisargas. Daquela, capturadas dez, unha ducia desas pingas, deixas que o seu sabor a femia bonita se che eslúa entre o cuspe, no padal. E pensas: xa está ben.

Foi a túa primeira idea ó arrancares á fin o coche: comezar cun saúdo ó Atlántico, ensaiando con el o coma se nada dos vellos amigos. Pero o Atlántico estaba enfermo de vez e había, pois, que tenderlle a man desde unha certa distancia, para que non se sentise avergonzado das cicatrices. E ningunha certa distancia mellor cá Punta Nariga.

—Ola.

Ó mar, antes, desde o faro. Tamén, agora, á desanimada parroquia do bar da Confraría. Pesa nesta xente o desacougo esmagador do fuel, e iso fai volver á retina os laios desacougantes de Manfred, o Xesús Cristo de Camelle, antonte á tarde: «¡Quero morrer, isto é coma a morte!»

Pides un vaso. Dis: «Co seu permiso.» Miras as paredes do local. Paras un bo cacho ante cada un dos cadros que un día pintara Urbano Lugrís. Les todas as lendas que puxo neles:

*Norte, Sul, Este, Oeste, cantan na rosa
dos ventos a verde ribeirana do mar.*

Ou:

*En tempos os fortes mariñeiros de Malpica
cazaban a balea por lonxanos mares.*

Á fin, o taberneiro pregúntache: «¿Gústalle?» E ti: «Claro.» E ti: «¿Pode dicirme onde localizar os do Comité de Salvamento da Costa de Malpica?»

Polo visto, xúntanse á tardiña no mesón A Roda, non moi lonxe, nada queda moi lonxe nestas vilas do confín. As cristaleiras están alí embazadas e a xente fala do conto de nunca acabar. Ti has preguntar por María Xosé, unha mestra de parvuliños, que anda cunha pata chula.

–Veño botar unha man.

–Ben –limitáronse a dicir, e ti, que vas de Hemingway (Ernest), presentácheste ó Bond (James).

–Son Figueiras, Pepe Figueiras. –Dixécheslles, tamén, que querías ser útil. Logo advertiches, hai que ser claros: Non sei facer nada en especial, pero tampouco terei problema en traballar do que sexa. Só pido –concluíches– que teñades un pouco de paciencia comigo.

–¿Cantos días pensas botar aquí?

Preguntácho un con pinta de profesor de instituto, e ti, impreciso e lacónico: «Non sei, depende.»

Ninguén insistiu, parecíache que daban por boa a túa ambigüidade, pero necesítaches explicarte algo máis: «Estou

en Malpica porque me viña ben un cambio de aires. Ademais, porque ninguén me agarda. E non poderei quedar máis dun mes —engadiches—, aínda que talvez marche despois dunha semana.»

Deseguido, á pregunta de se tiñas onde durmir, contesta-ches «Non», e María Xosé suxeriu che unha fonda: «Di que vas da nosa parte, faranche prezo.» E si, fixéronche prezo, igual ca á parella de Bilbao que estaba a inscribirse ó chegares. Viñan ó mesmo ca ti, e pediron un cuarto con vistas ó porto: «Se pode ser.» Pero non puido ser: con vistas ó porto só lles quedaba un individual; que acabou, escusas dicilo, por tocarche.

Daquela non falastes máis. Eles, daquela, terían présa por ennobelarse nas sabas da tenrura. Á mañá seguinte, no almorzo, volvestes coincidir. Chamábanse Eburne e Julen; ela máis alta e arranxada, vasca estilosa; el máis de calquera maneira, pero non charramangueiro. Dixéronche que non tiñan nada en propiedade, agás o amor dun polo outro, e lucían o sorriso bondadoso dos dezaioito, malia andaren polos vinte e tantos. Ti, ó erguérdesvos da mesa, dixeches un verso de Machado, modestísimo obsequio: «... *me encontraréis a bordo ligero de equipaje...*» E a parella, aí non, soubo devolverche: «... *casi desnudo, como los hijos de la mar.*» Á fin, Eburne plantouche no peito un adhesivo coma o que eles mesmos levaban nas costas: «Nunca Máis.» Non tardaron en desaparecer da vista, os adhesivos e mais o resto, ó embutírdesvos naquelas fundas aínda non brancas de voluntarios da causa atlántica. Seguiu unha xornada de chuvia que non deixou de caer, e latexaba o mar algareiro e zoaba machacón o vento, mentres a colla se afanaba en Area Maior. Toda unha xornada no areal do devalo; maiormente abaixados, pero ás veces de xeonllos; enchendo e carrexando barreños, un tras

outro; apurando mentres a preamar non viñese expulsarvos daquela escravitude.

Polas vosas pas: feitos de alcatrán, ourizos de sombra, anémonas de fedor. Polas vosas mans: babas de lesma, vómitos de rata, fel de anacondas. En todo o que a vista alcanzaba, onde o mundo se chama Costa da Morte, ese plasma de pus e negacións que, unha vez manumitidos pola marea chea, segue abaténdoos o ánimo.

Que noxo intolerable, logo, á tardiña, xa recollidos na Roda, iso que cospe unha televisión onde nunca vai cesar o desfile de ministríños. «O peor xa pasou», recitan. «Non pasará nada», insisten. «Nin sequera é necesario que acuda máis xente á costa», menten.

Que noxo, mil veces peor có da xelatina de acibeche, o que esgarra o poder desde a impunidade que se sabe procurar en medios de comunicación amordazados. E un conselleiro da Xunta, naquel vertedoiro de imaxes: «Négome a definir isto como marea negra.» E hai entre nós un vello mariñeiro, Xan. E o noso Xan está cheo de ver como, onde un día logras retirar a prea, ó día seguinte volve aparecer, e moito máis mesta. E Xan, entón, achégase á pantalla, dicindo: «Claro, serán as máquinas do Pitufo do Deza asfaltando unha estrada, en primeira liña de praia.» É o arrouto da impotencia mentres os criminais impunes dan outra volta de torniqueta na estratexia da mentira.

—¡Rinse de nós!

Si, rin amosando ás cámaras dentames canallas, e ti sentes a necesidade de pedir aquí, agora, desculpas pola profesión: «Moitas veces somos nós, os propios xornalistas, os culpables. Por non negarnos a difundir as súas mentiras, iso de que estamos ante unha vertedura de galletas con irisacións.

Ou por prestarnos a ocultar as verdades, como a deserción do señor Fraga Iribarne na cacería.»

Xan, daquela, pregunta: «¿É certo que vos prohibiron falar diso?» E non fixo falta que respondeses ti. Fíxoo Alberte. O profesor de instituto chámase Alberte.

—E logo, meu, ¿viches que na TVG dedicasen un só segundo a informar de tal cousa?

Alberte abellóase. Alberte vai, agarra e espeta: «¡Verás como acaban pedíndonos que volvamos ser a raza domada! ¡Mesmo que biquemos na boca os conselleiros! ¡Pero eu prefiro antes a cabra da Lexión!»

Alberte serve outro vaso e envía un grollo. É Xan quen aproveita entón para traer a tranquilidade á leria. Cunha parolada de patrucio do océano:

—A situación de Galicia é de 43 graos latitude Norte, na metade do Atlántico Norte. Iso converte o noso mar nunha auténtica autoestrada, sempre inzada de buques que non deixan de navegar fronte a nós ningún dos trescentos sesenta e cinco días do ano, trescentos sesenta e seis os bisestos. Por iso houbo que lamentar, só nos últimos dous séculos, o naufraxio de máis de cincocentos barcos, ós que habería que sumar os de milleiros de gamelas e botes, no interior das rías. Creo que nas rías, lino nun xornal a semana pasada, sumamos sesenta e catro portos, con catro mil bateas e oito mil embarcacións, e máis de vinte e cinco mil mariñeiros. A estes, digo eu, hai que engadirilles os que andan de tripulantes nos conxeladores e na mercante. O vello Xan, meus, foivos dos primeiros en ir ó conxelado. Lembro o que nos dixeron as peixeiras, ó baixarmos as caixas da campaña da estrea: «Isto que traedes non son peixes; isto son pedras.» Logo andei nun cargueiro, e sucedeu iso que teredes oído

cen veces, a unha chea de troleiros. A min ocorreume de verdade. Foi no *Cementador*. O capitán morreu e alí nos tedes navegando co cadáver na cámara frigorífica, durante cinco días.

Xan é un perigo. Xan, cando se lle dá carrete, non deixa de perorar. Así que a xente vai marchando: «Mañá ás oito.»

A marea está baixa abondo ás oito, e só media hora despois xa galgades a ribeira, outra vez upados na vontade. O que tal anoxa o espectáculo do chapapote invasor. Pero, tamén, canta paz a que pode transmitir ese traballiño de chineses. Que ben lle fai ó teu espírito, en todo caso, abstraerse no afán da limpeza. Ti un elo máis, anónimo e cativo, da cadea en que estás engastado. Imponse nela un silencio de presenzas inseridas na paisaxe, e veñen a ti os recordos doutros traballos comunais, e tamén gratuítos. O de tellar, na aldea da infancia, sempre sábado pola tarde. Todos os veciños de cada rueiro puntuais na casa que os convocara, mulleres e homes ben avidos, xenerosidade de tribo. Tamén se facía así, como tes lido, en Irlanda. E pensas na Irlanda onde nunca estiveches, e ese pensamento posto en Irlanda lévate ós dous lituanos que andan de voluntarios en Muxía, Antanas e Yaunus, e deles vas máis lonxe aínda, ó xaponés que limpa en Fisterra, Tomohiro. Dentro de moitas xeracións, para os netos dos netos, os seus serán nomes na lenda deste tempo de agora mesmo, cando o Atlántico arrastra xa a segunda marea negra do *Prestige*, deitando sobre as penas unha tona pegañenta que as converte en carbón.

Paira, ademais, un cheiro inmundado que fura na gorxa. Comeza por pasar factura ó pobre de Xan, que non pode deixar de tusir. Segue con Edurne, a vasquiña embelecida polo amor, que se revira en arcadas. Remata nun tal Olega-

rio, mangallón e alegre, que ó principio sente unha chora-dela e logo se baleira en tres diarreas delongadas e insidiosas. ¡Para que logo, na Roda, mirando os sucesivos telexornais do serán, volvades escoitar que non pasa nada! Outra vez asolagados na indignación.

—De verdade que non entendo o Goberno. A que esperan para enviar o exército, se o exército, vaille na paga, debe ter capacidade para reaccionar dun día para outro. Xa van nove desde que o *Prestige* naufragou, e aquí seguimos sen ver soldados —é Xan, aínda non liberado dunha tose fodona, que segue—: É unha vergonza permitir ós que veñen axudarnos coa súa mellor vontade, como Pepe e os vascos, que teñan por riba que pagar a fonda. Menos mal que agora, polo menos, o xantar xa sae gratis... —Xan está emba-lado, e a Xan, nesas circunstancias, non o para nin María Santísima—: Non entendo como a Armada non mandou xa algún dos seus barcos, cos que se resolvería un mundo de ben o problema do aloxamento. Eu mesmo, compañei-riños, fixen a mili nunha fragata, e non che había que saír dela para nada...

—*Déme un ribero.*

Ás veces esquecerías que isto é un bar; estase tan a gus-tiño, irmandados no altruísmo. Ten que vir un de fóra para lembrardes que isto é, precisamente, un bar. Non é que non se vexan mesas con copas, seareiros xogando ó naipe ou almanaques de mulleres en panos menores. Mesmo un televisor intoxicando. Si se ven. Pero a familiaridade é xa tanta, tamén entre os que só levades aquí un par de días, que ten que chegar un descoñecido para caerdes en que isto non deixou de ser un bar.

—*En Malpica no te está la cosa tan mal como en Mughía.*

Este, que corta o castelán, debe ser un coruñento da banda dos do L. Identifícase como técnico da Xunta, e di que andan a recoller aves petroleadas, para socorrelas. Logo deixa un número de móbil, a onde avisar se atopamos algunha, e teima no castelán tan particular da súa banda: «*Hasta más ver.*»

Ó volver a calma, co televisor apagado e Xan farto de falar, intervén Rafael. Chegou hoxe mesmo desde Valencia. Traballa para Elf, pediu un permiso por quince días, e ninguén pode deixar de atender unhas explicacións que comezaron sendo só para a vasca. Edurne queixábase dunhas flegmas.

—O fuel non é ningunha carallada. Trátase dunha substancia moi tóxica, aínda que menos conforme a auga a vai convertendo en goma de mascar. O peor é o hidróxeno sulfurado, que se espalla polo aire, e é aconsellable non respirar. Tamén o xofre, que se deposita no fondo mariño, matando a fauna que non saiba liscar del.

Coa promesa de que en diante se ocupará persoalmente de que levemos lentes axeitadas, á parte de revisar as máscaras, e mais as fundas e as botas, despedímonos: «Mañá ás oito e media.» E amencemos escoitando do Portavoz, nos partes das radios, que España, malia carecer de barcos para a loita contra a contaminación, segue rexeitando a axuda doutros países: «O peor xa pasou.»

Quere a casualidade, porén, que non tardedes nin un cuarto de hora en ter un arao e un mascato untados de peste negra. Chamades daquela o técnico que onte irrompeu no bar, e es ti o encargado de pasarllos. Será á volta cando por primeira vez repares na cantidade de mascatos e gaivotas e corvos mariños que poboan este anaco da costa. Unha congregación sen dúbida propiciada pola proximidade das Sisar-

gas, onde achan abeiro nos cantís. Que regalía do ceo poder admirar, cando xa a marea chea vos expulsou do areal, todo un bando deses corvos pousados sobre un petón de preto. Aínda os respectou o chapapote e secan as ás ó vento; un espreguizarse de dez, quince, quizais trinta máxicos minutos.

Sucedo o sábado día 30 de novembro, e o día seguinte a cita é no autobús que vos leva a Compostela, para a manifestación. Debería ser unha data de descanso e, xa que logo, de roupa de rúa, pero caen chuzos de pé e nin sequera esa xornada poderedes abandonar os chubasqueiros.

A pesar dun tempo así de triste, cantan unhas mociñas, nos asentos de atrás. Os seus cánticos fan que lembres as excursións da mocidade, e a lembranza vai facerse máis intensa cando intentades chegar, xa en Santiago, á cabeza da marcha. Un océano de paraugas invade o campus, a Ferradura, a Alameda toda. Son os escenarios dos teus tempos de mal estudante. Vas saudando, neles, rostros e máis rostros dunha idade perdida hai tantísimo. Escenarios e rostros que fan volver as causas tamén perdidas do eurocomunismo, o trotskismo, a acracia. Entón pensas naquel recital de Mazarelos onde Novoneyra, que se refería á súa, puxo voz ás arelas da túa xeración:

*Galicia, será a miña xeneración quen te salve?
Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inútle.*

O mar da marcha de censura ós gobernos avanza a paso de boi. Só tres horas despois de entrada a pancarta da cabeza, «Nunca Máis», dará chegado ó Obradoiro o derradeiro dos manifestantes. Moito despois, case dúas horas despois

da lectura do manifesto por terceira vez: «Aquí está a dignidade, aquí está a conciencia libre, aquí está un pobo vivo, aquí está a honra de Galicia.»

O mar da marcha de protesta son paisanos das confrarías de Corme e Laxe, nenos futboleiros de Ribadeo e Viveiro, señoras dos Cantóns e Urzáiz, mozos da versión luguesa e ourensá da anti-globalización e metalúrxicos do sector naval; á parte, xa queda dito, de antigos combatentes das aulas compostelás.

Polo aire húmido brúan coplas nas que a falta de compaixón con un é a maneira máis xusta de pedir misericordia para todos: «¡Hai que ir morrendo, Manolo, hai que ir morrendo...!», din, nun extremo, coa música da *Guantanamera*, para que no outro respondan: «¡... que sexa axiña, Manolo, que sexa axiña!»

Será deste xeito, co presidente octoxenario na boca duns e doutros, cando o azar che traia ó carnotano Penedo, un camarada de antano ó que non vías desde hai un monte de anos. Máis calvo pero igual de dado ca sempre, acaba pondo ó teu dispor unha casa que ten baleira, a algo máis dun quilómetro escaso da súa praia. É logo de contáreslle que andabas de voluntario. Di: «En Carnota si que está entrando bravo o alcatrán.» E ti: «Pois se cadra vou alí.» E el: «Se o fas, sabes que tes casa.»

Non dixeches que non, e vén dar conta dos bocadillos, no camiño de volta; e pasar logo pola praza, a recibir un autobús de Cádiz con vinte e catro persoas dispostas a arri-mar o ombro na limpeza de Malpica; e acompañar a María Xosé cando, aínda co pé escaiolado, os recibe en nome de todos. O seguinte, xa á fin da xornada, consiste en ir un anaco ata o local, para comentar as mellores xogadas. No

televisor, daquela, unha canle privada emite unha pasaxe especialmente vibrante da lectura do manifesto:

–Dicímolo no código do mar: Delta India Mike India Serra India Oscar November: Dimisión.

Nos últimos tempos, en segundo que círculos, está de moda falar mal do lector. Por exemplo, entre os intelectuais; sobre todo, se son escritores. Ti atribúes isto á envexa e, de terzarse, adoitás defendelo. Pero aquí, no bar, no comentario que fai a taberneira, non detectas máis malicia cá do relativismo inherente ós do seu gremio. Así que non te molestas en responderlle cando lanza aquilo. O lector, con pelos en rebumbio, cara anenada e voz xa afónica, lía: «Dimisión.» E a taberneira: «Xa están algúns a muxir o chapapote.»

3

Mercaras un caderno e estabas levando un diario. Polas noites, na soidade do cuarto. Sentabas na cama, apoiado contra o cabeceiro, e escribías ata que o cansazo te empurraba ós brazos de Morfeo. Primeiro anotabas os apuntamentos do pequeno acontecer do teu arredor. Só logo seguías coas novidades que trascenderan grazas á teimosía da prensa menos submisas.

Aquel luns estivera o Borbón na zona cero. Dixo que non era tempo de facer demagogia, e ti non entendiches por que se lle aceptaba que esa visita súa non entraba na categoría do demagóxico. Mesmo incluíu un fugaz encontro, a pé de praia, no Coído, cun voluntario catalán. Disque acababa de separarse da muller, era membro do Centre Excursionista del Penedés, e aproveitou para cantarlle as corenta en nome

de todos os voluntarios. En fin, aquel luns foi tamén o día en que Aguiño comeza a escrita, nesta historia, do capítulo do heroísmo.

A noticia correu coma a pólvora polos cenáculos da costa. Na Internet, a páxina do Instituto Hidrográfico de Lisboa, Mohid, insiste en que unha mancha enorme ameaza con depositarse na beira norte da ría de Arousa. Aguiño decide saírlle ó paso no mar, enviando catro barcos mexilloneiros dispostos a engulir a crema podre coas culleres dos seus guindastres. Aínda que a expedición se salda sen que poidan facer moito, a verdade. Con todo, o fuel retardará o seu avance e a experiencia válelles para pór en pé un dispositivo moito máis ambicioso ó día seguinte.

Vinte e oito mil arousáns viven do mar. Isto fai da súa ría unha das máis poderosas empresas do país. Son máis de dúas mil bateas, con cinco mil empregos. Hai tamén un milleiro de parques de ameixa e croques, con outros cinco mil mariscadores, máis trece lonxas e vinte e nove fábricas de conserva. Aguiño, o martes 3 de decembro, si sabe organizar a ira para a defensa de toda esa riqueza. Aguiño, aquel martes, ten listos para enviar ó combate quince bateeiros e cento cincuenta planadoras. Nos bateeiros cazarán o fuel coas súas culleres, e para as outras tripulacións hai un cento de escumadeiras xigantes fundidas pola noite nun taller de Cabo de Cruz, á parte das propias mans. Polo demais, adaptaron os barcos, forrándoos de plástico negro, e encheron as cubertas de colectores onde envorcar o fuel roubado ó mar.

A decepción vén despois, cando algunhas planadoras chegan ó peirao cos barreños a rebordar. A consigna é baleiralos e volveren con eles ata a posición da frota, para enche-los de novo tantas veces como o mar e o tempo o permitan.

Pero ningún ministerio, ningunha consellería se molestara en traer colectores ó porto. Alí se viu entón como homes rexos, despois de horas de espera inútil, choraban de impotencia. Con todo, a primeira gran lección da mariñeiría deu como froito, e puido ser moito máis grande de querelo os gobernos, a cantidade de mil cincocentas toneladas de chapapote retiradas de circulación.

Á mañá seguinte, moi cedo, apareces no Grove. Prepárase o día D, hora H. O Estado Maior da organización da carraxe está instalado no local da Confraría, que ten censados preto dun milleiro de socios. Diríxeo todo o patrón maior, e esperan contar con barcos das dúas marxes da ría e mais da illa: gamelas, botes, planadoras, buquetas, bateeiros, bacas; ata tres milleiros. Como ferramentas: raquetas metálicas, escumadeiras, trueiros, redes e barreiras *Made in Arousa*. Os colectores, mentres o Estado segue ausente, encárgase de fornecelos o concello de Pontevedra. Ademais, para facer funcionar esa improvisada maquinaria, cóntase co tesón dunha multitude de todas as procedencias; a vila, a ría, o mundo.

Un chileno, Arturo, goberna o almacén. Chegou en Vespa desde Chiclana, despois de catro días de viaxe, e coordina a recepción dos alimentos e do material, tanto os doados polos comerciantes locais coma os enviados desde infinidade de lugares da península. Hai tamén un sociólogo alemán, que cambiou o aburrimiento nunha empresa de ordenadores por unha tempada nesta guerra sen disparos, e un artista noruegués acabado de divorciar. Non deixa de ser algo de fácil constatación: son, sodes ben deles os voluntarios que andan a desemparellarse. En fin, xunto a este trío de estranxeiros, cóntase tamén con voluntarios vindos de todas as terras de España e, sobre todo, cos traballadores do mar

desta ría; cóbado con cóbado, desimportados das rivalidades en que moitas veces os fai incorrer un localismo badoco.

Un helicóptero da Xunta transmitía esa mañá a información de que a mancha ameazante se esvaecera milagreiramente: «Non se ve nada.» Pero a Xunta gañara a pulso que non se lle concedese creto ningún e, na Rede, os portugueses de Mohid seguían insistindo en que o fuel mantiña a súa marcha inexorable rumbo á costa. No Grove, a frota da furia podía facer caso ós políticos, que deran mostras abondas de ter unha ferranchina no corazón, ou dar a batalla antes de que o chapapote lles esmagase a alma. E a frota da furia decidiu non inhibirse do instinto de supervivencia.

Estabas no peirao e seguiches a partida dos barcos do Grove. Logo ías achegarte aínda a unha punta desde onde vías como se unían ós dos outros portos, ata que todos xuntos rolaron pola liña do horizonte, na bocana.

Viñeron un par de horas de andar por aí, con preguntas sobre isto e aquilo. Tamén media ducia de chamadas, para atender o arranxo dos flocos pendentes da túa vida en obras. Mais todo seguía en suspenso na túa vida, e daquela chegou outro bo dato: o movemento da xornada, no porto de Cangas, non quedara atrás deste do Grove. Soubéchelo polo teu amigo Sensat, produtor de informativos; aínda quedaba xente salvable en San Marcos. E a túa primeira idea, nada máis sabelo, foi ires a Cangas. Querías estar presente cando a xente do mar do Morrazo aportase de regreso.

De Cangas saíran mil douscentos barcos, con sete milleiros de homes a bordo. Os ataques, cando chegaches, estaban baleiros, e pola xerfa do aberto espallábase un mar de colectores que, neste caso, puxera o concello de Vigo. A coordinación de todo faise aquí desde o Club de Remo.

Un dos ordenadores está permanentemente na páxina dos portugueses, varias persoas atenden os teléfonos, e as paredes están literalmente cubertas por un *dazibao* de papeis suxeitos con chatolas e fitas adhesivas. Son carteis proclamando consignas, é certo, pero tamén as láminas onde se leva conta dos ofrecementos de voluntarios: número deles, datas, horarios, coñecementos que teñan. Cuadrículas onde se fai constar a chegada de doazóns: xénero, procedencia, cantidade. O repartimento dos traballos do día seguinte: vixilancia, nas praias e polo mar; viaxes ata o centro de recuperación con aves feridas, etcétera.

Alguén atende as chamadas dos xornalistas: «Si, estarán de regreso aí ás seis, seis e media, cando chegue a noite...» Logo tapa o auricular, para dar unha contestación a unha señorita impaciente: «¡Non ve que estou falando!»

A muller que atende a prensa despídese e colga e, entón, a señorita que a importunara descúlpase:

—É que teño o primeiro directo dentro de media hora...
—a señorita traballa para a túa televisión e coñecédesvos.

—¿Ti por aquí? —saúdate. E ti: «Por un lado xa ves, e, por outro, que queres que che diga.»

Chámase Silvia Martínez e adquiriu unha certa notoriedade estes días, en que a teñen de acó para aló, dando a cara en conexións para todos os espazos informativos. Pensabas que tiñas unha boa relación con ela e animácheste a facerlle unha suxestión.

—¿Por que non entrevistas a Rincón?

—¿Rincón...?

—Si, o xefe do sindicato dos mariñeiros do Morrazo.

A Martínez responde moi á galega, cunha pregunta: «¿Pensas que non sei para que empresa traballo?»

Claro que pensas que o sabe, se lle é tan familiar que ata debe o seu contrato a un parente, xefe de algo alí en San Marcos. Pero non renuncias a repetir que nunca deixa de ser posible a rebeldía. Abonda con atreverse.

—Sempre che está na nosa man sermos menos ghiados.

—¡Así che vai! —espétache a Martínez, e ti has recoñecer que o labor de doma das novas xeracións está feito a conciencia, si señor. Todos sabemos, as novas xeracións tamén, que o mundo pode ser outra cousa. Non obstante, velaí tes a submisión, aparafusada ás nosas conciencias. Así, claro está, xa nunca imos ter folgos para intentar facer que o mundo sexa outra cousa.

Os directos de Silvia foron sucedéndose, coa súa cantilena insubstancial, e os homes, á fin, ían arribando a porto. Viñan rotos, exánimes, entumecidos, pegañentos de brea. Saltaban a terra malamente. Unha vez alí, nunha carpa coma a das polbeiras, paraban nunha alfombra de plástico negro, procurando algún palmo libre. Unha muller, con coidado, cortáballes entón os esparadrapos e as cintas cos que selaran as roupas de auga ata convertelas nun escafandro.

Esa muller arrincáballes tamén as luvas e logo aparecía outra, había un cento delas, que lles limpaba as botas. Deseguido, outra máis dáballes un vaso de auga, se tiñan sede, ou un cigarro aceso, se botaban de menos o tabaco. Ó remate de todo había outra a lavarlles a cara; con auga, pero tamén con cremas hidratantes. Era o mellor e único premio daqueles titáns anónimos. Viñan de librar a peor batalla das súas vidas, contra todo, e gañaran.

Tiveches que reparar, nomeadamente, nun deles. ¿Como non facelo? A aquel Ulises (logo soubeches que se chamaba Antón), chegoulle o momento de deixarse lavar. E a Penélope

que manobrou para que lle tocase en sorte (logo soubeches que se chamaba xustamente así, Penélope), mirouno fite a fite, tempo e tempo. E Antón sostívolve a mirada, e semellaban estar a engulir o arco da vella a culleradas, e crerías que o chan ía derreterse ós seus pés de tanto lume. E ela dixo:

–Eu son a túa muller, ¿recórdasme?

–Teño un telumbre...

Penélope, daquela, lávao con cuspe. El devólvelle os bicos, engorde, diante de todos. Alguén, sabéndote forasteiro, sóprache entón ó oído: «Levan ano e medio separados, cos trámites do divorcio comezados, e ata agora mesmo nin se dirixían a palabra.»

Manda un estraño azar no amor, pensas. Antón e Penélope soldaran o seu, aínda incipiente, nunhas vacacións, as primeiras e únicas que tiveron, había media ducia de anos. Fora só unha semana, colleran o coche en Cangas, e subiron as estradas da costa cara ó norte. Así chegaron ata Luarca, abeirando este mar, a nación do solpor.

Manda un estraño amor no azar, pensas. O deles levounos desde as súas Rías Baixas, mansas e con mil radas naturais, ata os imponentes cantís do occidente de Asturias: pasando por Muros e a Costa da Morte e as Mariñas; pasando, tamén, pola volta de Ferrol e Santo André de Teixido e Ortegá.

–¿A que é a costa máis bonita do mundo? –preguntoulle Antón. E Penélope: «Non che coñezo outra, pero é imposible que haxa no mundo nada tan bonito coma isto.»

O mar parecía indicarlles o camiño, e foi un camiño de felicidade ata as primeiras parvadas, nimiedades que agrandou o progresivo releo de frases garimosas. Cada vez era maior o abismo entre ambos, e unha tarde de hai dous veráns, na praia, ela seguiu todos os pasos necesarios para facerlle crer

algo por forza doloroso: ¿Por que non ese veraneante de aí? Como ademais seguían sen fillos, aquilo, á beira do mar, indicoulles o principio da fin. Manda un estraño mar no amor, si, e abres o caderno para anotalo: «Antón e Penélope, amores que matan; só eses son os que nunca morren.»

É isto, o detalle de interese humano no que tanto se insiste nas facultades de xornalismo, o que agora anotas nas mesmas follas onde antes deixaches apuntadas as claves do heroísmo. Ti, co caderno na man, non deixas de ser un máis entre a multitude anónima do peirao. Pero ti, en todo caso, es o único que toma notas e o elemento que te sinala co furabolos ten ben doado deducir que debes ser xornalista.

Non, Pepe, non che cadra. O Estado persiste na súa estratexia de abandono. Así que resulta ben rara a presenza aquí deste individuo, ó que identificas como o subdelegado do Goberno na provincia. Pertence a unha desas familias de pedigree conservador onde adoita remexer o Partido Popular para a recruta de cargos. O tal sinálate co furabolos e permítete un consello: «¡Sé obxectivo!»

Está tan lindo co seu traxe de Armani. Que mágoa que un desalmado da leva dos orfos do Estado, que tamén o recoñeceu, non poida conter as ganas de dicirlle aquilo: «¡A ver se dunha vez comezades a facer algo!» Que mágoa que faga o comento plantándolle de paso as mans enriba. Que mágoa, sobre todo, que ese sinal de camaradería chegue antes de ter pasado polo tren de limpeza, o castrón do mariñeiro lixado coma un cocho.

Asistir a iso, á sensación de ridículo na cara do subdelegado e dos seus escoltas, converteuse nunha das maiores pequenas alegrías que ata entón che deparara a errancia polos dominios da catástrofe.

Aínda escacha coas gargalladas a xente, nos bares de abaixo, cando ti sobes ó cuarto da fonda onde pasarás a noite. Recólleste a unha hora prudente porque mañá vas saír cedo. Penedo chamara para dicir a quen deixou encargado de facilitarche unha copia das chaves. Devolvía así a chamada en que lle dixeches que aceptabas a casa ofrecida na manifestación do océano de paraugas baixo o diluvio universal. O teu propósito, saíndo cedo, era chegar a Carnota co devalo imperante aínda na ribeira. Xa que logo, a tempo de incorporarte á loita diaria contra o chapapote. E era ben cedo, certamente, pero xa se vía actividade na lonxa de Cangas, onde unha muller lía nomes e outra asignaba as primeiras tarefas. A carón delas, Penélope repartía, cun sorriso de ás de ouros escintilando no rostro, lentes protectoras. E outras mulleres encargábanse de máscaras, fundas, angazos e pas. Ti, para ver aquelas incansables por última vez, aínda baixaches a ventá do condutor. Mentres, a radio daba o parte do tempo. Seica se esperaba unha fronte de ventos do nordés, de forza catro. Aquilo abría paso á esperanza, e ti premiches na chave de contacto.

Exultante. Certo de que, despois duns días coma estes, nada volvería ser coma antes. Nunca máis.

4

Importunado un día coa nova de que un petroleiro tivera a ocorrencia de abrirse fronte a Fisterra, Ministro de Fomento deu a orde de remolcalo mar a fóra: «¡Fóra con el!» Ó ministro non lle importaba varrer o po para debaixo da alfombra, sempre que esa alfombra fose propiedade doutros, ou

de ninguén, coma o océano. O malo é que o po é teimudo e adoita desobedecer, reaparecendo alí onde lle peta se non hai quen se moleste en recollelo. Así que a inmensidade de po que o *Prestige* carrexaba nas súas tripas acabou abrollando, para emporcar de noxo e morte a nosa costa. E ti, agora, oes o ministro na radio do coche. Chulo, pero non coa chulería da razón, senón con esoutra do neno pillado logo de rachar coa pelota o cristal dun comercio. Para todos está claro que mente cando aduce informes que aconsellaban o afastamento do buque, unha decisión que tomou nun só minuto, nun alto entre asuntos que si consideraba importantes para o seu departamento. Porén, iso non impide que agora, tres semanas despois, sexa quen de retrucarlles ós que insisten en que o buque tiña que ser levado a porto: «¡É moi fácil ser profeta atravesada a serra!» Mais ocorre que quince días despois da catástrofe, cando xa todo se sabía, xusto cando o país recibía a segunda grande arremetida da marea negra, tamén el desertou. E Ministro, neno que mollou a cama, non renuncia a evacuar outra chulería de dobre casco: «Es cierto que estuve el fin de semana del 24 de noviembre en Sierra Nevada, pero no esquí; sí recibí el premio Chirimoyo de Oro.»

Na radio, mentres vas de camiño a Carnota, parece que transmitan unha película de Buñuel. O elenco está monopolizado polo gabinete e o actor que intervén deseguido, para falar do fuel que expulsa o pecio, segue sen tempo de ir polo logopeda. Aínda así persiste no florentinismo, con sangue de peixe, e conta Sorbonas que memorizarás nese castelán do que, malia ser galego de berce, endexamais se apea: «Salen unos pequeños hilillos, hay en concreto cuatro regueros que se han solidificado con aspecto de plastilina de estiramiento vertical.» Título desta buñuelada: *El señor de los hilillos*.

Ti cres estar no segundo pase, a historia sempre se repite, daquilo tan chistoso de *el bichito de la colza* dito por un ministro de antano con beizos imitantes ó cu dunha pita de Coren. O que tal che ameniza a viaxe aquela tropa. Desde Cangas ata o mesmo momento de apagares a radio, ó chegar a Carnota.

Arriba, nos montes que coutan o Pindo, emerxe o Breda dun bosque de aspas, con esa inconfesada ambición de Muralla Chinesa que aniñou na praga dos parques eólicos. Abaixo, nos pés cansos da ribeira, roe a súa agresión un mar aldraxado. Á vida, empeñada en non deterse, soamente lle queda o territorio intermedio do pobre recuncho do mundo onde vas instalarte unha tempada.

Xa entraches na casa que unha amizade de antano puxo ó teu dispor e o primeiro que fas, deseguido, non é ir ofrecerte de voluntario, como tiñas programado, nin pasar polo súper a te aprovisionares. Non. O primeiro que logo necesitas facer é un rápido percorrido por esta costa. A tristeza abafante de interminables semanas de mestas brétemas estúrdigas. A tristeza pousada no peirao de Portocubelo, con barcos castigados a un amarre longo, bidóns en moreas e unha masa de trasmallos obrigadamente encollidos mentres non morra esta traxedia. A visguenta e cancerosa tristeza da invasión de febras de chapapote facendo da inmensidade da praia unha infinita constelación de Pollock sobre a que ti camiñas con gana de envorcar choros de inri.

É despois de dares conta do humilde compango dunha lata de fabada Louriño, acompañada dun iogur natural, cando te presentas no posto de mando. En Carnota estache na casa do Concello, e aténdeno tres mozas e un par de mozos, funcionarios e non. Volves ver cartolinas e convocatorias nas

paredes. Os teléfonos non deixan de soar con chamadas de aspirantes a voluntarios. E vai habendo ferramentas e un material normalizado, coma as xa famosas fundas brancas, para toda a xente chegada para limpar a ribeira. O problema, nun lugar tan pequeno coma Carnota, é onde meter o xentío que vai chegar de fóra.

—Virán tres mil.

Si, para mañá, venres, espérase na Costa da Morte unha marea branca de dez mil voluntarios, e tres mil deses dez mil seica terán por destino Carnota. Polo demais, unha maioría deles queda sen responder cando se lles pregunta que experiencia teñen en algo así. Aquí, no cuartel xeral, medra a crenza de que sería preferible dispor de moitos menos indios pero dalgúns xefes máis.

—Non paga a pena desanimarse —di un ancián no que aínda non repararas. Pola reacción do resto, interpretas que aquel home de guedellas brancas debeu asumir como propia a tarefa de erguer a moral cando ameaza o desánimo. Á caída da tarde falarás con el. Chámase Moncho e dirache que leva trinta e cinco anos vivindo en Madrid, onde enviuvou o verán pasado.

—Agora esperábame un Nadal triste, a soas no meu pisiño, cando ocorreu a traxedia do petroleiro. Eu sonlle carnotán, ¿sabe?, así que vin a oportunidade de combater a soidade volvendo, ademais, ser útil. Polo menos, durante unhas semanas, ou ó mellor máis.

Non lle foi doado, ó principio, convencer os demais de que podía axudar. «¿Que pode facer un ancián?», dicíanlle. Tamén: «Xa terá pasado traballiños abondos, deixe isto para a xente nova.» Pero porfiou e, á fin, conseguiu ser aceptado.

Agora, con lucidez de vello afeito a non disfrazar nunca unha verdade, permítese ser enteiramente sincero contigo:

—¿Que nos agarda ós vellos cunha vida máis longa cá biografía? ¿Queres que cho diga? En Madrid, por exemplo, ir murchando dentro da casa. Cada vez sairemos menos á rúa, e antes de dármonos conta o único contacto noso co mundo será a asistenta que virá cambiarnos, a nós e as camas, unha vez cada sete días. A porteira, daquela, deixará colgada no pecho a bolsa co pan e o xornal. E nós, pobriños de nós, non nos decataremos de que é un xornal atrasado. E o seguinte paso será xa que nos saiba mortos, despois de deixar sen recoller o pan da véspera. E levaremos mortos toda a noite diante do televisor, e ese segredo só o saberán a pantalla incesante e o gato do tellado.

Salvando as distancias, na decoración, o ambiente deste bar de Carnota semella o da taberna do Inisfree onde John Ford situou a acción desa xoia que é *O home tranquilo*. Ata aquel ambiente de enclave; é dicir, ata aquí, viñestes mentres Moncho debullaba pensamentos transcendentales, sabedorías de Séneca, andrómenas. Pasou só un par de días desde a aterraxe en Carnota da brigada Guzmán el Bueno de Córdoba, e cando vós non levades nin cinco minutos na taberna, prodúcese a invasión dun mar de uniformes de camuflaxe. Son *sorches* con acento andaluz, e moi ruidosos, sobre todo os que xogan a lanzar dardos. Un, en cambio, é a discreción personificada. Está só nunha esquina, despois de andar á procura de alguén sen éxito, e o seu rostro sofre unha transformación, case conmoción, cando a persoa pola que buscaba asoma pola porta.

—¡Fernando!

O soldado discreto chama polo novo seareiro, un individuo que sen dúbida non pertence ó grupo: viste de paisano, e recolle a melena nunha coleta.

—¡Luís! —respóndelle, ó recoñecelo. Deseguido danse un bico con lingua e ti has pensar: ¡Carallo co que cambiou o exército desde a miña mili! Non digamos xa desde a dun Moncho que, polo demais, non amosa ningún tipo de incomodidade, nin moito menos desconformidade, co episodio. Logo, cando o local queda baleiro, saberedes que Fernando e Luís son parella. Tamén que Fernando decidiu apuntarse como voluntario cando soubo que ó seu noivo o ían enviar aquí. E acababa de chegar.

Fóra de cambios coma este, o que segue ancorado nos vellos tempos é o lendario siso do mando dos nosos corpos uniformados. Pódelo comprobar unhas horas despois, ó día seguinte. Ti almorzas nunha tafona que tamén ten cantina, en Lira, cando de súpeto aparcan na porta tres autobuses da Garda Civil: máis de cento cincuenta axentes pretenden conseguir cadanseu almorzo, tampouco moita cousa, café e torradas.

—¡Pero como non avisaron onte! —o panadeiro resulta bastante máis sensato ca eles—. Isto é o cu do mundo e o normal é servir só cinco ou seis almorzos ó día. ¡Como queren que poida atendelos a todos!

É despois, ti de paso polo estado maior de Carnota, cando tes noticia doutra das fallas que os acontecementos poñen en evidencia. Unha das mozas discute co responsable dun grupo sobre a praia que lles tocou en sorte.

—Non fostes a onde se vos dixo —repróchalle. Daquela, cando a ameaza da discusión pende sobre eles, intervén Moncho abrindo dous mapas sobre a mesa.

—Non discutir. Aquí está a explicación —di—. Poñen nomes distintos para a mesma praia —e si, como podemos comprobar, non vén o mesmo nome no mapa do Goberno,

elaborado polo Instituto Cartográfico Nacional, ca no da Xunta, que dispón dos seus propios servizos cartográficos, dixitalizados.

Alguén achegou deseguida un terceiro mapa, o dos militares, e neste figuraban aínda outros topónimos, distintos pola súa vez dos anteriores. Por riba, para aumentar a confusión, en ningún dos tres coincidían os impresos cos nomes empregados secularmente polos carnotáns.

Malia todo, unha vez aclaradas as cousas, houbo unha distribución da xente. O regueiro da brancura espallouse daquela por praias ás que, por prudencia, se decidiu identificar con números. Cada voluntario converteuse nunha formiguiña afanosa sobre os areais, baixo o cobertor dunha borraqueira que non se daba disipado. Os militares, pola súa banda, reservaron para si a limpeza do rochedo onde a piscifactoría de Lira, disque a máis grande do mundo, tende as bocas das que chucha a auga do mar consumida nas súas pías.

A ti tocouche na Boca do Río. Todos tedes que mirar seguido, xenuflexos, para un chan acugulado de bólas negras. Algúns están de xeonllos, coma beatas na novena, apañando esas bólas. Os máis cachazudos sentaron, mesmo coas pernas cruzadas, e son budas. E todos os voluntarios, naquel empeño anónimo, chegan a ser anxos. Pero soamente anxos sen ás. Ou santos polo civil.

Recoñéceno os murais de benvinda e gratitude que enchen as paredes dos espazos onde dormen: o ximnasio do instituto, do colexio, o pavillón deportivo. Pintáronos os alumnos de todos os centros do concello, en horas roubadas ó lecer. Queren ser os mellores atractivos de Carnota, e do Pindo e Ézaro, vistos con ollos e pulso naif. Son, de

por parte, a denuncia da incompetencia que fixo dun accidente unha hecatombe. E hai apegadas, entre manchas de auténtico chapapote, grilandas de cartas de solidariedade, milleiros de cartas vindas de España, de Europa, do mundo todo. Tamén, no centro, a gañadora dun concurso de cartas ós Reis Magos convocado entre os escolares da comarca. Andrea, unha alumna de cuarto da ESO, quéixase nela dos xoguetes usados que están chegándolles ós da Cruz Vermella polo visto co propósito de que os repartan entre os nenos da Costa da Morte. Non o di, pero dá a entender que o considera unha atención humillante. Andrea explica:

—Non queremos iso. Só queremos axuda para que todo volva ser como era... Na lonxa xa non se vende peixe. Os homes pasan o día aburridos de mirar o mar con resentimento. As mulleres non fan máis que cociñar para os voluntarios... Queremos que os nosos pais traballen coma antes... Os presidentes non fan nada ben...

Pola tarde sacódense na atmosfera farrapos de orballo e ti, devolto pola marea chea ós rueiriños do concello, dás cunha das profesoras máis activas. Chámase Teté e acabará expóndoche as súas ideas mentres percorredes un a un, dunha punta á outra, os murais realizados polos seus alumnos.

—Iniciativas coma estas si que son educar en valores —di, empregando o barallete dos docentes. Logo enumera valores—: O respecto á orde da natureza, a entrega perante a adversidade, a solidariedade... tamén, por que non, o cultivo dun moi necesario espírito crítico.

Teté é propietaria dunha beleza que definirías como beleza a segunda vista, pero enmeigante, de calquera xeito. A ti, has recoñecer, tíranche máis as louras. Só que esta morena ten uns ollos azuis nos que cabe todo o ceo, e cando

sorrí fai aparecer o sol de vez. Esta morena suxire, en fin, unha concupiscencia lixeiramente apracible, e iso remítete ó que tes sentido por Xela. Entón has pensar: ¿Pagaría a pena indagar en alguén que lembra tanto un asunto que non funcionou? Non, dirías, pero nesta Teté hai tamén algo de indómito, que a podería facer un mundo de apetecible se non estiveses a atravesar un momento pésimo da túa existencia. Con todo, rógaslle: «¿Podo estar presente?»

Teté é profesora de plástica e quedou fóra de horas de clase cos seus alumnos, que se distribúen en círculo arredor dela. Teté comeza por mergullarse na historia para contarlles quen era un personaxe moi coñecido antes de todos eles naceren.

—Foi ministro da ditadura e unha vez recibiu en audiencia unha muller vasca. O seu home era pintor e tñano preso polas súas ideas. A boa da muller só quería pedirlle ó ministro permiso para enviarlle ó cárcere lenzos e pinturas e pinceis. A familia, así, podería ter os ingresos que lle produciase a venda dos seus cadros. Pero o ministro díxolle: «Que pinte cos dedos, na parede da cela.» A aquel ministro, concluíu Teté, témolo hoxe de presidente dos galegos.

Puxéronse ó seu. Ela dixera: «Agora, imos ser nós quen pintemos coas mans.» Ti, despois, fuches na busca de Moncho. Con todo, habería logo máis encontros con Teté, que che pareceu solteira e sen compromiso. Foi unha tarde, buscábala para invitala a unha cea que pensabas dar ós novos amigos, cando máis preto estiveches de confirmalo, ou non. Agardaches a que rematara cos alumnos e sorprendíchela coas mans lixadas de ceras e témperas. Leváchela entón á billa, onde a repentina irrupción do desexo non che deixou soltarlle os brazos. A auga caeu cun tremer que era tamén o

teu. Tratábase dun momento propicio para deixarse levar, Teté Bonita, pero a chegada dunha nena quebrou a maxia. E na cara que puxeches había unha restra de preguntas: ¿que facer agora?, ¿aprazouse isto para outra ocasión?, ¿quedará todo para outra vida? E a nena, aquela Andrea da carta ós Reis, tivo perspicacia abonda para saber que acababa de escacharrar algo. E non foi a única en decatarse.

Seguiu a cea, na túa casa, con sobreentendidos e prevención perante as miradas doutros. Logo virían días de vento, de forza seis e de nor-noroeste, que trouxeron outra capa de rodadura asfáltica ó litoral, e o conseguinte parón a aquilo teu, voso, fose o que for.

No concello, nas tendas, na taberna, todo se volveu falar do ghalipote. Unha reporteira de Madrid mesmo che dixo, abraíada: «¿Como poden falar de cinema, co que está chegando?» Pensaba que se referían á estrea da segunda entrega de Harry Potter, e tiveches que aclararlllo: «Chapapote, ghalipote... éche o mesmo.»

As cousas entre ti e Teté estábanche outra vez na situación anterior. Así foi ata o día escollido para inaugurar a mostra das pinturas e debuxos dos alumnos. Era tamén o día en que daban vacacións de Nadal, e ti xa asumiras que ela iría pasar as festas coa súa familia. Preferiches, xa que logo, evadirte nun calmoso percorrido por aquelas obras. Había alusións a todo, e resultouche especialmente gracioso o traballo dun neno de sete anos onde se vía a Presidente empunhando unha escopeta de caza. O que máis te emocionou, porén, foi un mapa que un cativo de cinco anos trouxo no último momento. Era Galicia, coa silueta do seu rostro atlántico enzoufada de negro, entre as Illas Cíes e Ribadeo. Os pais explicároncho: «Cada día liamos no xornal cales

eran as praias afectadas, e el pintaba a zona de negro.» Nun tempo de confusión cos mapas, aquel do neno era o auténtico mapa da verdade.

—Moi ben —dixécheslle ó cativo, ofrecéndolle un euro. E os pais—: «¿Que se di?»

Alguén preguntou entón se pensabas pasar a Noiteboa en Carnota. E ti: «Irei na da miña nai.» Daquela viches que Teté se incorporara ó grupo e tiña cara, querías crer, de decepción. Foi Andrea, a mesma nena inoportuna do outro día, quen esta vez acudiu na túa axuda: «¿Volverás por Carnota?» E ti: «O meu corazón estará sempre en Carnota.»

Despois marchastes, por separado, cada un para a súa casa. Todos agás Moncho, que escolle acompañarte. Moncho ten un consello para ti: «Volve a Carnota, meu.» E explícase: «Vin nos seus ollos —di, e só pode referirse a aquel océano— esa clase de bágoas que se derraman para dentro.»

5

Uns meses antes de todo isto, comandos dunha unidade militar de intervención rápida tomaron un illote da costa de Marrocos. A cousa consistía en obter unha foto chantando nel a bandeira de España, e o propósito non confesado era conseguir unhas cantas portadas de prensa. Uns días máis tarde, a policía aduaneira comisou un camión do exército cargado de haxix. Quen entón gobernou aquela toma, o mesmo político que agora fala, debía estar, entón e tamén agora, baixo os efectos de algo elaborado quizais cunha onza da carga confiscada na alfándega. Só iso pode explicar que o tal, vindo de sobrevoar as rías galegas en helicóptero, se atreva a

dicir: «As praias están limpas e esplendorosas.» Vaia Pinocho, o ministriño. Que ganas de arrimar un misto á palla seca da nosa indignación. E a túa nai: «Si, Pinocho de Piche», que é o outro nome que na Costa de Morte recibe o chapapote que sen dúbida corre polas veas de Ministro de Defensa.

Son días de visitas familiares e encontros con algúns vellos amigos ós que levas sen ver desde o Nadal pasado. Todo bastante levadío, se non fose polas explicacións que tes que dar sobre a túa recente separación. Polo tanto, acabas renegando destas festas mesmo máis có moito que xa o facías. Así que avisas a túa nai: «Marcho mañá, xusto despois do xantar.» Tes un bo pretexto: «A marea negra, ¿sabes?»

Na véspera, aínda veredes xuntos un dos programas especiais de Noiteboa. Ten que ser o da galega, porque ela se empeña, e vai resultar divertido asistir á inesperada lección dunha tal Marta Sánchez. A cantante, rematada a actuación, emprende unha arenga que vai sorprender o público invitado. Di: «¡Galicia... no olvida!» A xente reacciona aplaudindo, e ela saca peito, e nunca mellor dito: «¡Galicia... no perdona!» Os berros, entón, van *in crescendo* e aquilo está a piques de chegar á intensidade da escena no bar de Rick, en Casablanca, cando se canta a Marsellesa. Só fai falta que alguén se bote a cantar: «Que din os rumorosos...» Só que para algo está alí o vocalista presentador da gala. A loura, cando el a interrompe, explícase: «Igual cortáis esto, pero si me quedo callada sé que voy a arrepentirme siempre.» O anfitrión, daquela, afirma que non se vai censurar nada, e redondea o aserto cunha frase estrambótica: «El corazón del sentimiento siempre va por delante.»

Á fin, na soidade do cuarto, botaches de menos as persoas coñecidas estas semanas. Sabes que nunca as vas esque-

cer e quererías estar xa en Carnota. Tes decidido saír para aló mañá pola tarde. Pero é día santo, volves pensar á hora de marchares, e cadaquén estará en familia. De maneira que, para entreter o camiño, resolves facer un desvío ata Camelle. ¿Había no mundo alguén máis só ca ti aquel día? Si, respondíche: Manfred, o só de solemnidade.

Antes de petar na porta da súa cabana, en metade dun museo alzado outrora polo delirio, e agora insultado polo piche, aínda compartiches unha *chiquita* cun paisano que, mira ti por onde, seguía mantendo un trato cordial con el. Foi no bar Rotterdam, no porto, e puídeches, deste xeito, familiarizarte algo máis coa historia daquel alemán que chegou a Camelle corenta anos atrás. Seica era un mozo ben parecido e namorou dunha mestra que non lle fixo caso. Despois cambiou o traxe elegante polo taparrabos, e os zapatos polos pés descalzos. Fíxose tamén vexetariano, era visto recollendo argazo e estrugas a miúdo, e foi labrando unha lenda que no futuro defendeu abruptamente se non vía respecto nos que se dirixían a el. Gañou así fama de ter malas pulgas, e iso fíxoche ser temesiño ó petares.

Milagrosamente, porque nin na suposición máis favorable podías contar con iso, limitouse a abrir sen máis. Velaí o tes coma un Adán de antes da expulsión do paraíso: Manfred, un autorretrato sen retoques da humanidade vulnerable, tamén venerable. E asoman a carón súa, nese autorretrato por extensión de nós todos, as raíces reviradas, os seixos puídos e mais os esqueletos esburgados que foi recollendo para decorar o seu modestísimo tobo coas evidencias da finitude.

Manfred acurtou o nome ultimamente, ata deixalo só en Man; é dicir, Home. Man, como imaxe de nós todos antes da aparición do superfluo. Man vivindo como voa un paxa-

ro ou nada un arroaz. Man só, transportándonos ás páxinas da Biblia: «Non é bo que o home estea só.» Un Man, este do presente, sentindo no corpo todo o peso intolerable da expulsión do paraíso. Por iso segue chea a caixa de Simtrom, e intactos os vasos dos iogures, xa caducados, e con tona de balor o triángulo de queixo traído ata esta repisa por mans amigas. E Man, ese expulso do paraíso, ensaia por un intre unha disparatada locuacidade. Man é un corpo de ermitán xa esquecido da fame de alimentos. Pero Man non deixa de ter outras fames: «Unha de todo, outra de nada, outra daquilo que acaba en nada, outra que comezará despois.»

Ese Man espido de sempre («Xesús Cristo espido, eu tamén») ensaia deseguido o oficio de oleiro, coma Deus na creación. Mais no canto de arxila moldea chapapote. Aman-tiñamente. Aloumiños estrados coa paciencia impaciente e indesmaiable de quen está a vivir coma se fose o derradeiro minuto da súa vida e só puidese facer o máis importante, e, xa que logo, coma se iso que fai puidese estar facéndoo ata o infinito. E ti: «¿Que é iso?»

—O corvo da morte.

Aínda segue un bo cacho, pardal desnutrido que fai un corvo. Logo, de súpeto, dá a escultura por rematada, asinando Man nunha das ás. Entón, calado e pampo, somérxese nunha inmovilidade de faquir e estatuaría que mete medo e ti xa só tes présa por saír de alí canto antes. Ó rochedo gafo de brea, á atmosfera chuviñenta, a aquela pintada que clama o xa evidente para todos: «Partido Popular = Corazón de Piche.»

Un par de días despois vas recibir unha chamada dun oficial do xulgado de Corcubión. Polo teu informante do Rotterdam souberan que foras a derradeira persoa en ver con vida a Man e disque querían tomarche declaración: «Nada,

¿eh?, unha cousa puramente formal, para xuntar ó informe do forense. Pode vir cando lle pete», insistiu. Con todo, pétache xa ese mesmo día.

O xulgado áchase nun edificio que foi Concello e a ti fante agardar no vestíbulo da sala de vistas. Un anaco, antes de seres reclamado nunha estancia onde traballan tres mulleres e dous homes. Un dos homes, o que te citou, di: «Dentro dun minuto falamos», e é só un minuto, pero abonda para facéreste unha boa idea da clase de asuntos alí máis comúns: xuízos de faltas, litixios por herdos e separacións, mesmo preitos por lindeiros, antes de que o carácter arroutado dun paisano faga pasar o conto do perito agrimensor ó perito balístico. ¿Non lles virá grande, pensas, un sumario coma o do *Prestige*? Inclínaste a crer que si, malia seren, é o certo, ben dilixentes recollendo a túa declaración.

É ó saíres cando bates con algúns dos amigos carnotáns. Son Moncho e dous dos coordinadores do voluntariado, e veñen presentar denuncia polas manobras de Tragsa, a empresa contratada pola Xunta para a limpeza do litoral. Como os seus traballadores son os únicos que cobran, e como, de por parte, o fan por xornada, desenvolveron unha mentalidade funcional que os fai ser lentos coma tartarugas. Isto exaspera os voluntarios levados á ribeira polo corazón. Os últimos días, por riba, os de Tragsa, dedicáronse a enganar os autobuses que chegaban con grupos de toda España dispostos a sumárense ós labores de limpeza.

—¿Está aquí a praia de Xintrón? —preguntábanlles.

—Non. Aquí non lle é. Miren se en Cee, ou en Muxía...

Canta menos xente haxa a traballar, máis tempo se ha botar no traballo, e máis se cobra. Son manobras que os tres amigos pretenden pór en coñecemento do xuíz. Talvez, se

lles fan caso, a súa denuncia quede incorporada, pensas, ás dilixencias do sumario 960/2002, o do *Prestige*. E volves pensar, agora: ¿Non lles virá grande? E estás xa, outra vez, moi preto da túa casa destes días. E viras a costa, durante todo o camiño, asfaltada de novo polo noxo. Daquela conclúes: ¿Como non lles ha vir grande, Pepiño? Os xuíces son innecesarios. ¡As propias rochas teclean o seu expediente!

Soou o móbil e volveu ser Sensat, o de Producción. Sensat chamara para dicirche como ían as cousas por Ons, onde el estaba de voluntario, e mais para preguntarche como o levabades por Carnota. Despois tivo o detalle de non insistir nas preguntas sobre Xela e Elba, ó notar as túas evasivas. Sensat, para cambiar de tema, soltou entón o da gravación de Fraga Iribarne. Os de decorados acababan de deixar listo o set, no plató 300.

—Gravan mañá a mensaxe de fin de ano.

A cita era ás oito da mañá, a Presidente gustáballe madrugar, e ti dixécheste: Así aínda lle dará tempo a saír para outra montería. Logo rectificaches: Non, non o fará. Seguro que leva días sen que a conciencia o deixe durmir, dedicado todo o tempo a matinar na expiación, oxalá que non a acade endexamais.

Presidente estábache obsesionado con non esborranchar a derradeira liña da súa biografía. Evidenciáralo na reunión da xunta directiva do seu partido en Madrid, dous días antes. Para acalar a marea das protestas en masa, toda Galicia un clamor, suplicou os mesmos investimentos que sempre consentira pospoñer. Fíxoo mesmo arrastrando a súa mítica soberbia pola moqueta. Ogro Pedichón.

Tería o seu aquel ver que ton adoptaba na mensaxe ó seu pobo. ¿Suplicante, tamén? ¿Arrogante, coma sempre? ¿Un

cristián de verdade arrependido? ¿Besta que se defende arre-metendo? A resposta íana ter algúns elementos de televisión mañá ás oito, e ti pensaches que podía estar ben aparecer por alí a aquela hora, e pedirlle ó realizador que te deixase estar de miranda nun recuncho do control. Só que, malia tomares a precaución de chegar a San Marcos cun cuarto de hora de antelación, xa aquilo estaba inzado de xefes por suposto ó tanto da túa suspensión temporal de dereitos dentro da empresa. Non era aconsellable, pois, deixarse ver. Así que buscaches un agocho.

Pero antes de agocharte non venciches a tentación de axexar os preparativos durante un anaco. Para atender o octoxenario, en realidade, só facían falta o realizador, un par de operadores de cámara e media ducia máis de técnicos. Con todo, alí os estaban, menos convencidos de seren imprescindibles ca temerosos de que pasasen lista: os xefes grandes, tres tenores, e mais un fato de capataces medianos e menos ca medianos. Escoltando aquel ancián que saben iracundo, arbitrario e impredecible, coma un neno consentido, entre a sala de maquillaxe e o set. E arranca a gravación e ti, no canto de seguilo todo desde o control, vas facelo polo circuítu interno nun televisor da área de mantemento.

No seu sermón ós galegos, Presidente comeza mencionando a Deus dun xeito que non deixa lugar a dúbidas: Deus está en nómina da Xunta. Presidente ten unha tendencia á megalomanía que os bichicomas que o rodean, tamén estes da televisión do réxime, endexamais se atreven a corrixirlle, xa non digamos afearlle. E Presidente:

—Isto do... *Prestige* é o peor que me pasou na miña vida —o subconsciente traizóao, e vese que identifica consigo o país todo; é dicir, o mundo e a humanidade afectados polo

que el oculta nun indefinido, isto. Que é isto, Pepiño: ¿acaso marea negra causada pola incompetencia?, ¿se cadra catástrofe pouco menos ca natural? (rísquese o que non proceda).

O déspota octoxenario rematará volvendo botar man do cadro de persoal da Xunta. Outras veces tense conformado co santo patrón en solitario, pero agora cre conveniente buscarlle parella:

—Imos saír desta coa axuda, como é natural, de Santiago Apóstolo... e da Virxe do Carme.

Soa feo coma un pecado, pero é o de menos, a quen lle importa o pecado de baixar os santos do ceo ou o máis grave de ter estragado unha fermosísima porción do mundo noso. O de máis é que se trata dun delito de lesa patria. E incorre nel agora, na gravación, e repetirao, durante a emisión, centos de miles de veces. Tantas como familias lle toleren ó televisor que llelo meta dentro da casa.

É a maneira máis cómoda de dirixirse á cidadanía, falándolle sen ter que escoitala, xogadores de vantaxe. É a súa maneira, claro, e volverás vela, aínda indignado, na Noitevella. Só un día despois de ter comprobado que tamén é a maneira de comunicarse cos cidadáns do seu sucesor ó mando do partido. Ese home de bigote manda agora tamén no Goberno de Madrid, e fíxolle caso ó octoxenario, nas súas súplicas. Soubéchelo, unha vez máis, pola túa televisión, na véspera do sermón de fin de ano.

O home de bigote, que só se aviñera a vir onda nós a rastro, un mes despois de padecermos a desgraza do *Prestige*, anunciou *urbi et orbi* un gran paquete de medidas. Tratábase de limpar de borranchos a folla de servizos en cuestión e, de paso, de resarcir o país. ¿Querías medidas? Pois toma medidas. A saber: un encontro de arte actual, un concerto

extraordinario en verán con música clásica baseada en temas rexionais, unha exposición sobre Galicia itinerante por toda Europa e os Estados Unidos, e un curso de verán sobre o Camiño de Santiago na Universidade Internacional Menéndez Pelayo, á parte do anuncio de que, durante o trimestre vindeiro, el mesmo vai visitar Galicia en persoa varias veces: ¡que grande alivio!

Víchelo desde o abraio, éche ben certo, pero no fondo xa só podías remoer no que iría depararche o día seguinte. Agardábate unha cita coa túa muller, mais non na casa, senón no bufete da vosa amiga Mariola. Citarádesvos para explorardes as posibilidades dun divorcio de común acordo. Despois do último trienio xuntos, de recheo, ó terceiro ano iades resucitar. ¿A cal dos dous lle custaría máis facelo? ¿Sería boa cousa contardes co consolo doutra persoa? Talvez non o sexa, ou talvez si, ¿como sabelo? O que si sabes é que levas unha chea de días sen deixar de matinar nunha profesora, no imán da súa mirada, amurallada en azul.

Inevitablemente, volves matinar nela agora, cando parece chegada a fin de todo isto, ti na ala do cemiterio estreada polo despoxo de Man. Estás parado no nicho que o acolleu, cedido polo pobo a quen nada tiña de seu. Un nicho onde non se considerou procedente pór unha lápida que o recorde: Man (1936-2002), ou algo polo estilo.

–O teu corvo valeu para algo –dílle, en alto, e a seguir remontas ata aquela mañá da gravación en San Marcos. Todo se ve envurullado nun impreciso orballo de ultrasono e ti podes coarte entre tanta gandallada, para estar a soas con Presidente. É de dominio público que, aínda sendo madrugador coma el só, ou se cadra por iso, adoita durmir en calquera recuncho. Ti agóchaste na sala de maquillaxe. Presidente vol-

ve alí a que lle quiten os unguentos. A maquilladora mándao sentar e pórse cómodo. Entón es ti, en silencio, quen a comina a ela a abandonar o cuarto. E pechas con chave, e ves que aquel pote de intemperanza adormeceu, como non. O primeiro que logo che sae é cantaruxar *Guantanamera*, mais sen ningunha das letras posibles. E acorda Presidente e xa só che queda agasallalo co corvo de chapapote.

—Isto, de parte de Man, co seu agradecemento por facerlle desexar a morte...

Disllo solemne e ves asomar nel o pranto. Será o corvo, peteirándoo nos ollos, xusticeiro. E ese corvo de Man, peteirándoo nos ollos con aplicada teimosía, é só o entrante dunha enchente. É, nin máis nin menos, a xustiza do remorso. Antes de que sobre Presidente aboie a xustiza definitiva dos homes ditando a súa condena: a eternidade e un día de feros corvos do Xallas chantándolle, por todas cantas fixo, o peteiro nos ollos.